



## V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “FESTA DA AMEIXA”

### BASES

- 1) O presente Concurso ten como **obxecto** a difusión cultural, realce e promoción da Festa da Ameixa, Campelo 2022.
  - 2) **Poderá participar** calquera persoa física, maior de idade, que cumpra as condicións das bases.
  - 3) Cada participante poderá presentar un **máximo de dúas obras**. No caso de presentar máis de dúas obras, consideraranse excluídas todas as obras presentadas.
  - 4) A **temática** das fotografías versará sobre a Festa da Ameixa de Campelo, o concello de Poio, as labores tradicionais do mar, as súas xentes... así como o concepto e carácter de sostibilidade da mesma.
  - 5) **Características** das fotografías: fotos a cor ou en branco e negro, brillo ou mate, cun tamaño mínimo de 15×20 centímetros. Non se aceptarán fotografías que teñan sido manipuladas por ordenador.
  - 6) O **prazo de presentación dos traballos** permanecerá aberto do 18 de xullo ata o 9 de setembro de 2022 (ambas datas incluídas). Os traballos presentaranse na Casa do Concello de Poio, en horario de 9 a 14 horas.
  - 7) As **obras serán presentadas** sen firma do/da autor/a e baixo un título. As fotos irán acompañadas dun documento anexo onde figurará o título de cada fotografía, o nome e apelidos do/da autor/a, domicilio, número de teléfono e fotocopia do Documento Nacional de Identidade. Tamén acompañará una declaración xurada na que se reflecta a autoría da obra. O documento anexo, cos datos completos do autor/a e a declaración xurada, serán requisitos imprescindibles para formar parte do concurso.
  - 8) **Sistemas de selección** das fotografías premiadas. A obra gañadora será a elixida polo xurado, formado por:
    - Un/ha representante do Concello de Poio
    - Un/ha representante da Asociación de Mulleres ARELA
    - Un/ha representante de Gaia Animación, empresa de Xestión Sociocultural.
- Todas as persoas que forman o xurado contarán con voz e voto. O xurado valorará, de forma prioritaria a creatividade, o vigor da mensaxe gráfica, a idoneidade do traballo e a súa sintonía co espírito da Festa da Ameixa, así como o concepto de sostibilidade da mesma.
- 9) O **fallo** do xurado será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello de Poio, directamente aos premiados (a través do enderezo electrónico facilitado para tal efecto) e nos medios de comunicación local.
- Así mesmo, resérvase o dereito de declarar deserto o premio no caso de que ningunha das obras presentadas se axusten ás presentes bases ou non representen a mensaxe e espírito da Festa.

10) Establécense os seguintes **premios**:

- Primeiro premio: vale en material fotográfico, ou similar, valorado en 300 euros.
- Segundo premio: vale en material fotográfico, ou similar, valorado en 200 euros.
- Terceiro premio: vale en material fotográfico, ou similar, valorado en 100 euros.

11) As persoas gañadoras outorgarán ao Concello de Poio a **propiedade da obra**. Ao mesmo tempo, mediante o premio, o Concello de Poio adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, tódolos dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderá libremente, e sen pago de máis prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible o intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.

12) Coas obras gañadoras e as presentadas, o Concello de Poio **resérvase o dereito** de organizar unha exposición. Igualmente resérvase o dereito de organizar outras exposicións públicas en espazos e datas a determinar. Neste suposto, as fotografías seleccionadas poderán ser retiradas no prazo de trinta días hábiles seguintes á clausura da última das exposicións. Os autores das obras exhibidas, que no teñan obtido premio, non terán dereito a contraprestación económica algunha, aínda que na exhibición se indicará a autoría e poderán solicitar que se emita un certificado de que a obra teña participado en dita exposición.

13) As fotografías pasarán a formar parte do **Arquivo** do Concello de Poio. O uso das mesmas será exclusivamente para a promoción turística do municipio.

14) A participación neste Concurso supón a plena **aceptación** das bases e a conformidade coas decisións do xurado e da votación.

O concelleiro de Festexos

**Poio, na data que figura na sinatura dixital á marxe**